

**ACTA**

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLN/2018/8	O Pleno

**DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN**

<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	21 de decembro de 2018
<b>Duración</b>	Desde as 20:08 ata as 22:30 horas
<b>Lugar</b>	Salón de Plenos
<b>Presidida por</b>	Marcos Besada Pérez
<b>Secretaria</b>	Berta Alonso Soto

**ASISTENCIA Á SESIÓN**

<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
Carla M <sup>a</sup> Pérez Pérez	SÍ
Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
José Luís González Rodríguez	SÍ
Marcos Besada Pérez	SÍ
Miguel González González	SÍ
Mirian González Rodríguez	SÍ
M <sup>a</sup> Dolores Castiñeira Alén	SÍ
M <sup>a</sup> Teresa Pérez González	SÍ
Primitivo González Rodríguez	SÍ
Santiago Rodríguez Davila	SÍ
Sergio Curra Moreira	NON

Verónica Tourón Domínguez	SÍ
Ángela Ledo SOuto	SÍ
Ángela Valcárcel Bernárdez	SÍ
<b>Escusas de asistencia presentadas:</b> 1. Sergio Curra Moreira: «Non figuran na orde do día asuntos de carácter económico.»	

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

#### A) PARTE RESOLUTIVA

##### **Aprobación das actas das sesións de 01.10.2018 e 26.10.2018.**

###### a) Acta da sesión nº 6/2018, extraordinaria de 01.10.2018

**Sr. Núñez Troncoso:** Tan so dicir que tanto nesta acta como na seguinte, seguen aparecendo os DNI dos Concelleiros, creo que non é axeito que figuren, este é un documento que se pon ao publico, creo que non corresponde. No último pleno fixemos as preguntas como se ten feito habitualmente e estamos esperando polas respostas.

**Sra. Tourón Domínguez:** Na páxina 7 onde se somete a votación a emenda de ampliar o prazo de exposición pública, na votación desa emenda eu xa non me atopaba na sesión plenaria ademais está repetida a votación, está duplicado ese parágrafo; por outra banda na seguinte na votación de aprobación da proposta onde di "(...) e seis abstencións da Sra. Ledo Souto Concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular (..)" está cambiada.

En canto as preguntas, tamén quero que queden en acta as respostas. Xa que tardamos dous meses en obter as respostas, polo menos que nos la dean antes do pleno

**VOTACIÓN:** Polo Sr. Alcalde sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 6/2018, extraordinaria de 1 e outubro, sendo aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE membros presentes á sesión.

b) Acta da sesión nº 7/2018, ordinaria de 26.10.2018:

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante), o Señor presidente pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2018/7 ordinaria de 26 de outubro enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

**VOTACIÓN: Non existindo observacións, polo Sr. Alcalde sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 7/2018, ordinaria de 26 e outubro, sendo aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE membros presentes á sesión.**

**Expediente 3699/2018. Revisión en vía administrativa do artigo 2.2 da Ordenanza fiscal núm.21 reguladora do imposto de bens inmobles (IBI)**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 6, En contra: 0, Abstencións: 7,  
Ausentes: 0

**Sr. Alcalde:** Da lectura á proposta de Alcaldía de 12.12.2018, que literalmente dí:

*“Visto o informe emitido en data 09.10.2018 polo Xefe do Servizo Xurídico do Organismo Autónomo Provincial de Xestión de Recursos Locais da Deputación de Pontevedra (ORAL), relativo ao artigo 2.2 da Ordenanza Fiscal núm. 21 do Concello de Salceda de Caselas, reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles, que establece entre as súas conclusións o seguinte:*

*“2.- O Art. 2.2. da OF reguladora do IBI do Concello de Salceda de Caselas límitase a establecer un tipo diferenciado do 0, 40% para os inmobles cualificados catastralmente coma AAL e cun valor catastral inferior a 11.000,00 euros. Do que se evidencia que en lugar dun tipo incrementado fixa un tipo diminuído (inferior ó 0,50% previsto pola propia OF para os bens urbanos), que non queda acreditado que se aplique ao máximo dun 10% dos inmobles con uso AAL nin que estes inmobles sexan os de maior valor catastral do mesmo uso. En definitiva, estamos ante un apartado, o 2 do artigo 2, que contradí totalmente a letra da lei e, por tanto, ha de considerarse nulo de pleno dereito e inaplicable.*

*3.- Coma ven aclara o Auto do TC do 28 de abril de 2009 e a Sentenza do TSJ de Madrid de 1 xuño de 2009 as entidades locais non se encontran autorizadas polo TRLFL para establecer tipos diferenciados inferiores ou á baixa do fixado como tipo base (no caso do C. de Salceda de Caselas, o mencionado tipo base do 0,50% para os*

inmobles urbanos). Toda ordenanza que estableza un tipo inferior ao tipo base é nula de pleno dereito nese punto ou apartado.”

Visto así mesmo o disposto no informe de Secretaría núm. 2018-0018 de 12.12.2018 que conclúe o seguinte:

“Visto canto antecede, en atención ao disposto no informe emitido o 09.10.2018 polo Xefe do Servizo Xurídico do Organismo Autónomo Provincial de Xestión de Recursos Locais da Deputación de Pontevedra (ORAL), no artigo 72.4 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e de conformidade co establecido no artigo 217.1 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, existen causas para iniciar o procedemento de revisión de oficio do acordo plenario de 22.12.2017 polo que se aproba a modificación do artigo 2.2 da Ordenanza fiscal núm.21 reguladora do imposto de bens inmobles (IBI), por considerar que se atopa incurso na causa de nulidade establecida na letra f) do citado artigo 217.1 da LXT, ao tratarse dun acordo contrario ao ordenamento xurídico polo que se recoñecen dereitos carecendo dos requisitos esenciais para a súa adquisición, debido ao seguinte:

- Fronte ao tipo de gravame do 0,50% para os bens urbanos fixado no artigo 2.1 da Ordenanza fiscal núm.21 reguladora do imposto de bens inmobles (IBI), o sinalado artigo 2.2 establece un tipo impositivo máis beneficioso (do 0,40%) para os inmobles cualificados pola Dirección Xeral do Catastro con clave AAL (pequeñas construción como galiñeiros, cobertizos, almacéns para aperos de labranza e similares) e cuxo valor catastral sexa inferior a 11.000,00 euros, incumplindo os requisitos esenciais fixados no artigo 72.4 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais:

- Non se respecta o límite legalmente esixido de aplicar o tipo diferenciado como máximo ao 10% dos bens inmobles urbanos do termo municipal que, para cada uso, teñan maior valor catastral.
- O tipo diferenciado que pode establecer o Concello debe ser un tipo incrementado, pero o acordo plenario de 22.12.2017 o que establece é un tipo reducido ou á baixa (inferior ao 0,50% previsto para os bens urbanos na propia Ordenanza fiscal) o cal é contrario ao disposto no citado artigo 72.2 do TRLHL.

- Segundo o exposto, o artigo 2.2 da Ordenanza fiscal núm.21 reguladora do imposto de bens inmobles na redacción aprobada por acordo plenario de 22.12.2017 permite a obtención dun beneficio fiscal como é a aplicación dun tipo impositivo reducido, incumplindo os requisitos esenciais legalmente esixidos.”

De conformidade co disposto nos artigos 22.2.j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e artigo 217 da Lei Xeral Tributaria, ao Pleno adopta o seguinte

## ACORDO

**PRIMEIRO.** Iniciar o procedemento de revisión de oficio do acordo plenario de 22.12.2017 polo que se aproba a modificación do artigo 2.2 da Ordenanza fiscal núm.21 reguladora do imposto de bens inmobles (IBI), por considerar que se atopa incurso na causa de nulidade establecida na letra f) do artigo 217.1 da Lei Xeral Tributaria.

**SEGUNDO.** Abrir un período de información pública por prazo de vinte días publicándose a iniciación do procedemento no Boletín Oficial da Provincia; así mesmo estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello.

**TERCEIRO.** Dar traslado do expediente, una vez finalizado o trámite de información pública aos Servizos Municipais para que informen as alegacións presentadas, no seu caso.

**CUARTO.** Cos informes anteriores, trasládese á Comisión informativa de Economía e Facenda para o seu estudo e proposta, que se elevará ao Pleno na próxima sesión que se celebre.

**QUINTO.** Solicitar, realizados todos os trámites anteriores e achegando a proposta de resolución, o Ditame do Consello Consultivo de Galicia.

**SEXTO.** Suspender o prazo máximo legal para resolver o procedemento polo tempo que medie entre a petición do Ditame ao Consello Consultivo de Galicia.

**SÉTIMO.** Remitir o expediente á Secretaría, una vez recibido o Ditame do Consello Consultivo de Galicia, para a emisión de informe.

**OITAVO.** Cos informes anteriores, trasládese á Comisión informativa de Economía e Facenda para o seu estudo e proposta de aprobación, que se elevará ao Pleno na próxima sesión que se celebre.”

**Sr. González Rodríguez:** Este segundo punto parte do acordo do Pleno de data 22 de decembro de 2017 polo que se aproba unha moción presentada polo Partido Popular pola que entre outras medidas se pretendía establecer un tipo diferenciado para os inmobles cualificados catastralmente coma AAL e cun valor catastral inferior a 11.000,00 euros, establecer un tipo diferenciado estipulado nun 0,4%, esa moción foi aprobada por unanimidade, ese expediente foi sometido a información pública e seguiu os seus trámites legais. En febreiro de 2018 expúxose ao público, non habendo alegacións e se aprobou definitivamente. En data de 9 de outubro 2018 recíbese un informe do Xefe do Servizo Xurídico do ORAL relativo a unha parte desa moción que se aprobaba, relativo ao artigo 2.2. da Ordenanza Fiscal que modificamos, contemplaba unha serie de erros, de acordo a esa normativa e non axustados a

dereito e en concreto facía referencia ese tipo diferenciado establecía a modificación aprobada que dicía entre outras cousas que non podería exceder do 10 % dos bens inmobles urbanos do termo municipal que para cada uso teñan un maior valor catastral e a ordenanza en todo caso fixará os tipos diferenciados e do valor catastral a partir do cal se aplicará un incremento non unha diminución como se acordou, polo que deberá primeiro de seleccionarse como máximo un 10 % dos inmobles de maior valor catastral de cada uso. As facultades dos entes locais quedan limitadas ao establecemento de tipos diferenciados á alza e en relación cos usos dos inmobles; e remarca “O Art. 2.2. da OF reguladora do IBI do Concello de Salceda de Caselas límitase a establecer un tipo diferenciado do 0, 40% para os inmobles cualificados catastralmente coma AAL e cun valor catastral inferior a 11.000,00 euros. Do que se evidencia que en lugar dun tipo incrementado fixa un tipo diminuído (inferior ó 0,50% previsto pola propia OF para os bens urbanos), que non queda acreditado que se aplique ao máximo dun 10% dos inmobles con uso AAL nin que estes inmobles sexan os de maior valor catastral do mesmo uso. En definitiva, estamos ante un apartado, o 2 do artigo 2, que contradí totalmente a letra da lei e, por tanto, ha de considerarse nulo de pleno dereito e inaplicable.

Tamén fai mención o Auto do Tribunal Constitucional do 28 de abril e a un unha sentenza do TSJ de Madrid no cal di que: *“Toda ordenanza que estableza un tipo inferior ao tipo base e nula de pleno dereito nese punto ou apartado”*

*Por todo iso é polo que se trae hoxe ao pleno o inicio o procedemento para anulación dese apartado da modificación aprobado por acordo plenario de 22.12.2017 e suspender en todo caso este artigo que é contrario a Lei.*

**Sr. Núñez Troncoso:** Como xa se dixo o motivo é a modificación do artigo 2.2 esta é unha modificación que parte dunha moción presentada polo Partido Popular e aprobada en Pleno de decembro de 2017, e o que se propón agora e o inicio do procedemento revisión do acordo plenario e consecuentemente a nulidade do acordo, temos que partir da base que o que se aprobou no seu día é un beneficio fiscal de aproximadamente 1.300 veciños, un beneficio fiscal que redundaba na minoración do IBI nun 20 %. O inicio deste procedemento é debido a un informe xurídico do ORAL que entrou no Concello, se nos di, o día 10, non hai constancia, porque o informe non consta con data de rexistro de entrada, ven sen asinar. Afecta a redución á perda dese 20 % nos recibos clasificados como AAL se refiren a apeiros de labranza, cobertizos, galiñeiros.. se nos dixo na Comisión Informativa de Contas que se ía facer algunha xestión para aclarar unha dúbidas con respecto deste informe xurídico, non sei si a data de hoxe se fixo esa xestión ou non se fixo.

**Sra. Castiñeira Alén:** Na comisión falouse de facer unha consulta previa pero ao final da Comisión acordouse que se ía levar esta revisión a o Consello Consultivo era procedente que si eles precisaran ese dato que fosen eles quenes directamente llo pedirán ao ORAL.

**Sr. Núñez Troncoso:** Non estaría de máis facer unha consulta co propio redactor deste informe, porque para nós segue non estando moi claro, é importante pois afecta a 13.000 recibos aproximadamente.

Da lectura do informe xurídico desprendese que o Concello non pode establecer un tipo diferenciado e minorar o tipo do 0.50 ao 0.40, conclusión que realmente non ven regulada no Texto Refundido da Lei de Facenda Locales, é unha interpretación que fixo o xurídico como no seu día fixo o TSJ de Madrid, pero que non ven recollido na Lei. É unha interpretación. Que nós saibamos a data de hoxe non hai xurisprudencia, é unha única sentenza, e sabemos que se crea xurisprudencia a partir de dúas sentenzas do Tribunal Supremo ou do TSJ pero neste caso non nos consta que haxa ningunha xurisprudencia. O propio informe non o menciona e o informe da Secretaría Municipal tampouco o menciona.

Temos dous informes este xurídico e o que no seu día emitiu Intervención Municipal, este informe da Intervención Municipal tampouco advirte que ese acordo haxa posibilidade de decláralo nulo, en ningún punto. Por iso digo que non está de máis recabar máis informes públicos (da Intervención da Deputación, da FEGAMP ou doutros organismos públicos).

Cal sería a consecuencia da nulidade deste acordo? Pois temos que partir da base que a partir do 1 de xaneiro entra en vigor a Ordenanza tal como está aprobada e si isto non se revolve antes da emisión dos recibos por parte do ORAL, quero entender que o ORAL pechará por marzo ou abril, que isto está sen resolver, os recibos sairán con esa redución e se finalmente este acordo queda nulo, se deberá proceder a reclamar aos veciños o aforro, o beneficio que obtiveron antes.

Isto pasa simplemente porque hai unha desidia, un pasotismo total tanto do Alcalde como do Goberno, lembremos que este informe entrou o 10 de outubro e ata o día 11 de decembro non está asinada a providencia de alcaldía para iniciar este procedemento, dous meses sen mover un papel.

Nos seguimos apostado que se pidan máis informes, independentemente que se siga, como está previsto, o proceso; para ter a máxima seguridade xurídica, pois é un punto importante, pois tratamos sobre un beneficio fiscal que afecta a moitos veciños. A nosa posición é manter que se siga o procedemento, imos a abstermos neste punto, e o que pedimos ao Alcalde e ao Goberno é que se axilicen os prazos o máximo posible, pois como ben dí o informe de Secretaría Municipal, é posible axilizar eses prazos para non ter que chegar a iniciar un procedemento de reintegro de cantidades.

**Sra. Tourón Domínguez:** Sinalar que ao que refería do tema do 10 % dos inmobles é verdade que se falou de seguir para a adiante pois despois habería un informe do Consello Consultivo de Galicia, pero si que falamos de que podía ir adiantando esa

solicitude ao ORAL dese 10 %, que nos explicaran si realmente está acreditado ou non, se iso se vai a aplicar a un máximo do 10 % que sería basicamente a restrición que nos faría non levar a cabo esta modificación ou esta solicitude de nulidade. Non imos a estar en contra dun trámite administrativo que pide o xefe xurídico do ORAL, pero pola importancia que ten o tema, imos a absternos para que o trámite siga adiante, non votaremos en contra, pero que se axilice o proceso. Aclarar tamén que aínda que o informe está sen selar pola entrada de rexistro, pero a Secretaria xa dixo en Comisión que entrara por rexistro só que o orixinal o ten Intervención, por esa parte non teño dúbida ningunha. Pido que se solicite ao ORAL ese informe que nos diga si chegamos ou non a ese 10 % do máximo dos inmobles que teñen ese uso, que os trámites sigan a diante e en canto a outros informes hai un informe do Xefe do servizos xurídicos do ORAL, hai un informe da Secretaría Xeral e vaise solicitar tamén un informe ao Consello Consultivo, entendo que todo iso é unha garantía. Solicito que se vaia pedindo e a nosa posición vai ser a abstención.

**Sra. Castiñeira Alén:** Agradecer a Verónica a aclaración do informe do Xefe do servizo do ORAL, porque foi así, falouse na Comisión informativa e a Secretaria deixouno claro.

**Sr. González Rodríguez:** Aclarar que en todo momento Movemento Salceda tamén nos mostramos a favor, e así se aprobou no Pleno de decembro, que non estamos en contra que quede claro, si é certo que os meus cálculos me dan a entono a 890 veciños que se poidan beneficiar e o beneficio medio sería de 2,47 € ao ano de aforro por cada un deles, o aforro total de 2200 en total dos 890 veciños que se beneficiarían, dicir que nós non estamos en contra simplemente que o informe xurídico do Xefe do Oral fai mención a uns artigos dunha Lei, si é certo non so é aplicado ao 10% se non que o tipo diferenciado que fai mención o PP, a clave creo que está aí no tipo diferenciado que se menciona. A lei di que o tipo diferenciado ten que ser á alza nunca a baixa.

**Sr. Núñez Troncoso:** O que acaba de dicir vostede agora da afección dos 890 veciños ou recibos, son as novas altas da renovación catastral, pero é que había máis recibos, a parte das novas altas, que xa estaban no Padrón do IBI, é vostede ben o sabe. O informe non recolle o literal que pon a lei, o da alza é unha interpretación que fixo o TSJ de Madrid, pero non creou xurisprudencia ata o momento, pero na lei non ven como tampouco ven que non se poida minorar o tipo xeneral que está agora o 0,50€. Con respecto ao informe xa sei o que se falou na Comisión pero o que ten que estar no expediente é o orixinal.

**VOTACIÓN:** Sometida a votación a proposta do Sr. Alcalde, está resulta aprobada por SEIS votos a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda e por SETE abstencións do/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Partido Popular e do PSdeG-PSOE, adoptándose o seguinte acordo:



**PRIMEIRO.** Iniciar o procedemento de revisión de oficio do acordo plenario de 22.12.2017 polo que se aproba a modificación do artigo 2.2 da Ordenanza fiscal núm.21 reguladora do imposto de bens inmobles (IBI), por considerar que se atopa incurso na causa de nulidade establecida na letra f) do artigo 217.1 da Lei Xeral Tributaria.

**SEGUNDO.** Abrir un período de información pública por prazo de vinte días publicándose a iniciación do procedemento no Boletín Oficial da Provincia; así mesmo estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello.

**TERCEIRO.** Dar traslado do expediente, una vez finalizado o trámite de información pública aos Servizos Municipais para que informen as alegacións presentadas, no seu caso.

**CUARTO.** Cos informes anteriores, trasládese á Comisión informativa de Economía e Facenda para o seu estudo e proposta, que se elevará ao Pleno na próxima sesión que se celebre.

**QUINTO.** Solicitar, realizados todos os trámites anteriores e achegando a proposta de resolución, o Ditame do Consello Consultivo de Galicia.

**SEXTO.** Suspender o prazo máximo legal para resolver o procedemento polo tempo que medie entre a petición do Ditame ao Consello Consultivo de Galicia.

**SÉTIMO.** Remitir o expediente á Secretaría, una vez recibido o Ditame do Consello Consultivo de Galicia, para a emisión de informe.

**OITAVO.** Cos informes anteriores, trasládese á Comisión informativa de Economía e Facenda para o seu estudo e proposta de aprobación, que se elevará ao Pleno na próxima sesión que se celebre.

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

**Dación de conta de decretos dende o 2018-1031 de 24 de outubro ata o 2018-1239 de 17 de decembro.**

A Corporación queda enterada dos decretos de Alcaldía dende o 2018-1031 de 24 de outubro ata o 2018-1239 de 17 de decembro.

### **Mocións de urxencia (artigo 91.4 ROF)**

**1.-Presentada por PSdG-PSOE: Dotar ao servizo sanitario público dos recursos orzamentarios, de persoal e técnicos precisos para garantir un acceso igualitario dos cidadáns á sanidade.**

**Sra. Tourón Domínguez:** Da lectura a moción:

“Nos últimos anos a Xunta de Galicia recorta unha e outra vez os orzamentos sanitarios, priorizando os concertos sanitarios en lugar de fornecer a estrutura da sanidade pública. Desde a aprobación da nova Lei de Saúde de Galicia, levada adiante polo goberno popular sen escoitar aos profesionais, estase levando adiante un progresivo desmantelamento da sanidade pública galega, baleirando os centros de saúde de profesionais e eliminando progresivamente os servizos nos hospitais comarcais, o que volve condenar á poboación rural galega a un deficiente servizo e a longos desprazamentos ata as cidades, que se colapsan con longas listas de espera.

A nova estrutura do Sergas, que divide o territorio en 14 áreas sanitarias, dándolle un maior peso ás que corresponden coas grandes cidades, fixo un dano moi grande ao sur de Galicia, descapitalizando a área sanitaria de Vigo e redirixindo a unha boa parte dos pacientes de Pontevedra e do Salnés cara a área sanitaria de Santiago. Coa escusa de reducir listas de esperas no Complexo Hospitalario de Vigo, en lugar de dotalo de máis recursos e persoal, o que se fai é reasignar poboación cara Compostela, ao que se lle asignan recursos técnicos e de persoal cos que non conta Vigo.

As consecuencias son xa evidentes para todo o mundo e a poboación está a sufrilas: listas de agarda, colapsos nas urxencias, supresión de persoal de atención sanitaria e abandono do mantemento ou da construción de novas infraestruturas sanitarias. Esta situación de precariedade alimenta ao mesmo tempo o sector privado xa que, para cumprir coa Lei de Garantías que establece os tempos máximos de espera para as operacións e para as probas (de 60 e 45 días respectivamente), o Sergas deriva os pacientes cara o sector privado, fomentando os concertos, en lugar de traballar para facer máis forte o sistema sanitario público.

En relación co noso concello e ben coñecida a situación que estamos a padecer, con un centro de saúde sen accesibilidade e un servizo de pediatría colapsado. Anos de loita para conseguir un novo centro de saúde, que ano tras ano se vai demorando e que parece que se dará comezo a súa construción no ano 2019. Se ben este inicio xa foi anunciado polo Partido Popular o ano pasado, no que aseguraban que había 525.000 euros nos orzamentos da Xunta de 2018, a pesar de que non había ningunha partida específica para o Centro de Saúde de Salceda, e que a data de hoxe e a piques de rematar o ano non hai invertidos pola Xunta de Galicia nin un só euro. De novo, nos orzamentos de 2019 da Xunta de Galicia continúaase sen facer mención

específica a este centro de saúde, polo que se deduce que o importe necesario para comezar esta obra sairán dunha partida xenérica que, no caso de ser necesario, podería desviarse a outra execución.

Non habendo partida específica, non hai compromiso expreso de execución, polo que os veciños e veciñas de Salceda deberán agardar a que non xurda unha contingencia que faga preciso dispor deses cartos. Esta situación vén amosar, unha vez máis, a discriminación e a diferente vara de medir que emprega o goberno do PP na distribución dos cartos públicos, antepoñendo intereses partidistas ás necesidades da poboación.

A isto hai que engadir que no servizo de pediatría moitas veces non se cobren as ausencias quedando sen pediatra as crianzas do noso concello.

Salceda é un reflexo do que pasa tamén no resto da provincia. A esta falta de investimentos nas infraestruturas médicas úneselle á falla de persoal. Un progresivo deterioro do servizo, especialmente na atención primaria, que se atopa nunha situación límite en moitos dos concellos da provincia de Pontevedra.

Asumindo, sen o máis mínimo atisbo de dúbida que os sucesivos recortes na sanidade galega están a provocar gravísimos déficits na atención sanitaria da provincia e están a impedir o acceso igualitario de toda a poboación á mesma, condenando unha vez máis, á xente do rural a longos e penosos desprazamentos, desde o Grupo Municipal Socialista instamos aos demais Grupos Municipais do Concello de Salceda de Caselas á aprobación polo Pleno dos seguintes

#### **ACORDOS:**

1.- Instar á Xunta de Galicia para que facilite un informe que analice en profundidade a situación dos PAC en Pontevedra, no que se detalle a súa situación asistencial, o número de persoal existente en cada un deles en todas as circunstancias do ano 2018, especificando a dotación estándar, así como a dispoñible para verán, fins de semana ou quendas de noite

2.- Instar á Xunta de Galicia a que dote aos PAC e centros de saúde dos recursos técnicos e de persoal necesarios para atender ás necesidades da poboación, escoitando aos profesionais deste ámbito para avanzar nun sistema que lles permita unha atención de calidade, dotando de equipos de médicos e enfermeiros en cada PAC, evitando a derivación innecesaria aos centros hospitalarios.

3- Instamos á Xunta a que destine cartos nos próximos investimentos á execución das obras de mellora ou construción dos centros de saúde comprometidos, incluído o de Salceda, así como para a dotación de servizos, como as ambulancias medicalizadas, que precisan diferentes concellos da provincia.

4.- Instamos á Xunta de Galicia a que manteña os servizos de pediatría nos Concellos que nos últimos meses o perderon e se cubran na súa totalidade as ausencias, ao tratarse dun servizo básico para o mantemento dunha poboación san, neste caso a máis nova.”

**Polo sr. Alcalde sométese a votación a URXENCIA da moción e o Pleno da Corporación Municipal, aproba por UNANIMIDADE dos trece membros asistentes a esta sesión.**

**Sra. Tourón Domínguez:** Esta moción non é so para o Concello de Salceda se non para toda Galicia, o que está a acontecer é de sobra coñecido por todo o mundo, eu mesma onte chamei para unha cita e me dixeron que volvese a chamar a partir do 7 de xaneiro e que si é urxente que vai para ali. Esta é unha situación que se da noutros Concellos tamén, é un problema de toda a Comunidade Autónoma, creo que é necesario apoiar o sector médico, enfermeiro, persoal en xeral.

**Sra. Castiñeira Alén:** Non podo estar máis de acordo con esta moción, sabemos cal é a situación da sanidade galega, temos a dimisión en bloque das xefas/es do Centros de saúde da área de Vigo, un 80 %, facultativos que din que non queren ser cómplices do seu deterioro. Creo que todos somos conscientes diso, menos o Presidente da Xunta, que díi que o problema é que non existen facultativos nin pediatras. Tamén dicir que en canto á construción do centro de saúde, a día de hoxe os compromisos do convenio asinados co Conselleiro se cumpren, e por suposto Movemento Salceda vai apoiar esta moción, porque defende os intereses dos/as veciños/as de Salceda en cuestión sanitarias.

**Sr. Rodríguez Davila:** É certo que hai problemas na sanidade como noutras administración públicas, non negamos a realidade, pero non podemos permitir, as falacias, as contradicións que nesta moción se traen ao pleno. O que acabamos de escoitar é un desastre, cando temos unha das melloras sanidades de Europa. Oxalá sexamos capaces de manter a sanidade que temos hoxe, nos vindeiros anos.

Están faltando á verdade cando din que hai recortes en canto aos orzamentos en materia de sanidade, no ano 2018 e 2019, nunca antes na historia da comunidade autónoma se investiu tanto en sanidade, case 4.000 millóns de euros. Dende o ano 2018 o número de médicos de atención primaria incrementouse en 164 persoas un 7 % mais, efectivamente hai falta de persoal en toda España, non só en Galicia. So fai falta darse unha volta para ver os equipamento punteiros que temos en moitas das instalacións, non negamos que agora mesmo hai un problema puntual con respecto da atención primaria e doutra índole, pero tampouco negamos a realidade da sanidade con respecto dos equipos hospitalarios e de centros de saúde ou dos programas que se puxeron en marcha nos últimos anos, non só por este Goberno se non tamén polo bipartito, (teleasistencia, conecta 72 horas, historia clínica

electrónica -que somos punteiros en toda España-, 1554 profesionais máis que no ano 2008, entre 2012 e 2016 ofertáronse 1600 prazas, no ano 2017 -1616-, no ano 2018 -1400-, no período 2017-2020 teremos a posibilidade de estabilizar 5.000 persoas máis na sanidade ...).

Pero con todo isto, hai que seguir mellorando, nos sabemos recoñecer as dúas realidades da mesma, pero o que non podoo permitir que se despilfarren falsas realidades sobre todo cando se refire ao caso concreto de Salceda. Dende o ano 2016 téñense construído máis centros de médicos, de saúde, na área sanitaria de Vigo ou reformado que nos últimos quince anos.

Este grupo en canto ao contido da moción non estamos en nada de acordo, porque están faltando á realidade, nós seguiremos a traballar para que a sanidade pública sexa cada día mellor, volvo a repetir que oxalá sexamos capaces de manter a sanidade que temos a día de hoxe que non teñamos que lamentar en 20 anos o que están a sufrir outras persoas noutros territorios, non hai máis que mirar ao sur España como está a situación, pero iso non é o que a nós nos inspira nin o que a nós nos acomoda, todo o contrario, queremos sempre máis, pero con realidade e con realismo non con demagoxías e con falsos alarmismos e con falsas mentiras respecto de certas cousas que suceden en Galicia. Polo tanto, de acordo en mellorar, en seguir apostando, de acordo en querer máis e mellor sanidade e de acordo en que haxa máis medios e máis médicos.

**Sra. Tourón Domínguez:** A realidade non fai falta que cha digo eu, calquera que vaia ao centro de saúde de Salceda ten que subir cos nenos en brazos para ir a pediatría, ou como lle ocorreu a miña familia onte, e outras, que estaban no PAC de Porriño por non ter urxencias aquí. En canto ir ao Sur de España tamén se poden ir a outros sitios, a min non me serve de escusa. Facer unha comparativa que dende o ano 2016 se puxeron máis centros en marcha que nos último quince anos, so me leva a pensar que dos últimos quince anos o PP gobernou once anos e esperou ao 2016 para poder algo. No referente a que hai máis servizos, o que é certo que que hai máis concertos en entidades privadas para solventar os problemas da sanidade publica. En canto a escasez de profesionais, se é así, que políticas se puxeron enriba da mesa para que empece a haber profesionais? Haberá que incentivar esa formación. Que me digas 5000 plazas no 2019, ata o 2021 hai que ter en conta que hai eleccións, locais e autonómicas, que todo solo porque hai eleccións. O que quero preguntar, xa que o voceiro fixo unha extensa analítica da moción que presentamos, pero non falou dos 525.000 euros que prometeron a páxina completa de Faro de Vigo en outubro do 2017, que efectivamente se ían a empezar as obras no 2018, ademais hai unha acta do pleno onde se estaba tratando unha moción presentada por MS con respecto do Colexio Altamira onde eu pedín que apareceran as cantidades do centro de saúde, eses 525.000 euros e recordo que ningún grupo o apoiou, que non era necesario, so digo que quedan dez días para rematar o ano e deses 525.000 euros nin un euro. Entendo que se vai a empezar, tamén me da que pensar que empezar unha obras

desa embergadura é un pouco oportunismo, de todas formas eu si que desexo que se fagan as obras e que o poidamos utilizar.

Non quero cinguirme só a Salceda ,a situación é moi problemática en moitos sitios nós temos que loitar por un centro de saúde para todos.

Non so é o centro de saúde, se non os servizos, hai días que se vai a pediatria e non hai pediatra de substitución para cubrir as ausencias, na Salceda do “baby boom” hai sitios no rural onde xa non teñen pediatra a diario.

**Sr. Rodríguez Davila:** respecto aos 500.000 euros, facer o proxecto definitivo do centro médico, non costa? a tramitación do expediente e da adxudicación, non costa? Vostede sabe que dende o 7 de novembro está adxudicada a obra; con esta moción a poñen entre dito, sementando a dúbida entre os presentes de si se vai facer a obra ou non. Eu dixen o que dixen e o manteño.

Será de novo un goberno popular quen poña en marcha un centro de saúde en Salceda, se fixo no ano 85 e se vai volver a facer non próximos anos. Por qué non se fixo antes o centro de saúde en Salceda? Vostedes en privado recoñecían que se estaba manipulando aos veciños, que se estaba mentindo aos veciños, porque sabían que non se podía facer o centro medico ata que houbera a reparcelación, como así se recolle en todos o documentos, porque sen iso non se podía construír, porque non era solar era monte. Porque, non se lle ocorre, que si un goberno responsable puidera abrir a rúa hai cinco anos non a houbera aberto? Porqué se abriu a rúa no ano 2018? Nos planos está a carretera trazada ata Entenza e ata o Clarín, pero so fixemos 80m de rúa, límite do polígono I do PERI, que é onde se pode construír. Se se houbese aberto a rúa antes, o centro médico o teríamos construído, non se podía construír porque era monte, igual que onde rematou a rúa tampouco se pode construír, pero para que a calle teña saída hai que volver a reparcelar, e iso non está feito, polo tanto tardaremos anos en ver esa obra terminada, tardaremos anos e anos en ver como esa rúa se prolonga cara á estrada que vai a Entenza e cara o “Clarín”.

Este Grupo non ten problema en apoiar a moción, porque o meus compañeiros e máis eu intentamos ser coherentes, ser xustos nas nosas decisións. Estamos de acordo en seguir traballando pola sanidade, estamos de acordo en facela viable, sustentable e o día de maña poder seguir dicindo que temos unha sanidade publica que é mellorable pero das mellores de Europa. Polo tanto nós imos a votar a favor.

**Sra. Tourón Domínguez:** Sanidade viable e sustentable, di o voceiro do PP, Non se lle pode poñer prezo a todo, a sanidade non, e a educación tampouco. En canto ao centro de saúde, repito, eu non dixen que non se vaia facer o Centro de Saúde, o que eu dixen é que a obra estaba adxudicada, eu ao que me refiro e que non se pode saír a toda páxina no Faro de Vigo afirmando que van a gastar 525.000 euros e que as obras van a comezar no 2018 se non está nas mans de quen o dí solucionalo, non

estaban no orzamentos e seguen ser estar, iso non quita que se faga, pero seguen sen estar.

**Sr. Alcalde:** Os únicos papeis que están no expediente dos terreos do centro de saúde, son a aprobación plenaria cos informes pertinentes en maio do 2011 e o convenio que asinei co Conselleiro no que asumen a parcela cedida no ano 2011 nas condicións do ano 2011 e que nós anticipamos o cumprimento, que como ven nese convenio tiña que ser simultáneo. Está executada esa urbanización que inclúe unha espazo de zona verde de 2200 metros cadrados e dúas parcelas unha parcela xa cedida, anticipada por ocupación directa no ano 2011, tal como se aprobou aquí, e que foi a que aparece recollida tal cal no ano 2016 cando en marzo asinei aquí co Conselleiro. Fago miñas as palabras de Loli, sigo reiterando e repetindo que dende que o Conselleiro viu aquí en plena campaña electoral o 3 de decembro, tivemos unha xuntanza, desbloqueo na Xunta de Galicia, e que desde momento se cumpriron todos os compromisos en tempo e forma.

Quero aclarar que cando se fala de partidas orzamentarias, se non houberse unha partida orzamentaria, aínda que non apareza explicitamente, o centro de saúde de Salceda non se podería licitar. Para que haxa unha licitación ten que haber un informe de intervención que xere un crédito imprescindible para iniciar o procedemento de contratación.

**Sra. Castiñeira Alén:** En canto a moción quería facer unha emenda, que hai convocada unha manifestación, a atención primaria convoca a toda a cidadanía a unha manifestación en defensa da sanidade publica o 27 de decembro ás 8 horas.

**Sra. Tourón Domínguez:** Pola nosa parte nada que obxectar.

**Sr. Rodríguez Davila:** Nos respectamos o dereito dos cidadáns, non temos ningún problema na emenda, si o PSOE non ten problema.

**Polo sr. Alcalde sométese a votación a moción e o Pleno da Corporación Municipal, aprobaa por UNANIMIDADE dos TRECE MEMBROS asistente a esta sesión, adoptando o seguinte acordo:**

- 1.- Instar á Xunta de Galicia para que facilite un informe que analice en profundidade a situación dos PAC en Pontevedra, no que se detalle a súa situación asistencial, o número de persoal existente en cada un deles en todas as circunstancias do ano 2018, especificando a dotación estándar, así como a dispoñible para verán, fins de semana ou quendas de noite
- 2.- Instar á Xunta de Galicia a que dote aos PAC e centros de saúde dos recursos técnicos e de persoal necesarios para atender ás necesidades da poboación,

escoitando aos profesionais deste ámbito para avanzar nun sistema que lles permita unha atención de calidade, dotando de equipos de médicos e enfermeiros en cada PAC, evitando a derivación innecesaria aos centros hospitalarios.

3- Instamos á Xunta a que destine cartos nos próximos investimentos á execución das obras de mellora ou construción dos centros de saúde comprometidos, incluído o de Salceda, así como para a dotación de servizos, como as ambulancias medicalizadas, que precisan diferentes concellos da provincia.

4.- Instamos á Xunta de Galicia a que manteña os servizos de pediatría nos Concellos que nos últimos meses o perderon e se cubran na súa totalidade as ausencias, ao tratarse dun servizo básico para o mantemento dunha poboación san, neste caso a máis nova.”

5.- Apoiar a manifestación convocada en defensa da sanidade pública o 27 de decembro as 8 horas.

## **2.- Presentada polos Grupos municipais de Movemento Salceda, Partido Popular e Partido Socialista: Sobre a endometriose**

**Sr. Castiñeira Alén:** Da lectura a moción seguinte:

*“A endometriose é unha doenza inflamatoria progresiva, estrógeno-dependente, de orixe descoñecida. Consiste na implantación e crecemento benigno de tecido endometrial (glándulas e estroma) fóra do útero, na gran maioría dos casos no peritoneo pélvico e os ovarios, pero que pode afectar a calquera parte do carpo da muller. A extensión da doenza varía dende poucas e pequenas lesións ata grandes endometriomas ováricos e/ou grandes e extensos nódulos ou fibroses e adherencias que causan unha severa distorsión da anatomía da muller.*

*O tecido endometrial pode estenderse por ovarios, peritoneo, ligamentos uterosacros e fondo de saco de Douglas, senda menos frecuente fóra da pelve, aínda que pode afectar a calquera órgano (pulmóns, meninxes, etc.) Na pelve pode invadir órganos diferentes dos xenitais internos como o intestino, frecuentemente recto e/ou sigma, a vexiga e os uréteres. Noutras ocasións o tecido endometrial ectópico localízase no propio útero, fóra do seu emprazamento normal, producindo unha variante de endometriose chamada adenomiose que pode ser difusa ou focal.*

*Adoita clasificarse a endometriose en 4 graos, segundo o nivel de infiltración do tecido, e non se pode correlacionar o estadio co tipo e/ou severidade dos síntomas e o seu pronóstico, nin tampouco co pronóstico de infertilidade.*



O retraso medio do diagnóstico é de 8 anos, e ven dado por dúas causas fundamentais:

- 1.- O descoñecemento da doenza e dos seus síntomas por parte das mulleres.
- 2.- A pouca atención que, ata o momento, o sistema sanitario prestou aos síntomas da endometriose, asociando falsamente a regra coa dor, e normalizando ese síntoma principal da doenza.

Por todo isto, os grupos municipais de Movemento Salceda, Partido Popular e Partido Socialista, atendendo á solicitude presentada pola asociación "Querendo Mulleres con Endometriose", propoñen ao Pleno Municipal do Concello de Salceda de Caselas a adopción dos seguintes

#### ACORDOS:

1.- O Concello instará por escrito nos próximos 30 días ao Sergas e á EOXI correspondente para que proceda a :

- Establecer unha programación de xornadas de formación sobre endometriose ás que poida acudir o persoal sanitario que atende os distintos servizos que dispensa o SERGAS no noso Concello.
- Garantir consultas específicas de endometrios suficientes para o número de afectadas da área nos hospitais aos que acoden as mulleres do noso Concello, e á derivación destas pacientes a áreas nas que existan mentres estas non se creen.
- Crear unha unidade multidisciplinar compost por especialistas de xinecoloxía, radioloxía, ciruxía xeral con experiencia en ciruxía colo-rectal, uroloxía, anestesioloxía, psicoloxía, fisioterapia, dor, etc., para mellorar a atención nos casos máis graves de endometriose e a derivación destas pacientes a unidades multidisciplinares doutras áreas sanitarias mentres estas non existan.

2.- O Concello instará por escrito nos próximos 30 días á Consellería de Sanidade a:

- Dar cumprimento á moción que por unanimidade aprobaron tódolos grupos da Cámara o 22 de abril de 2015 sobre endometriose, e que recollía en gran medida as demandas das mulleres afectadas por esta doenza.
- Facilitar ás mulleres con endometriose un mellor acceso aos tratamentos de fertilidade nos hospitais públicos (mellara nas listas de espera, facilidades para conxelación de ovocitos antes das ciruxías e tratamentos que poidan afectar á súa capacidade ovárica, así como a execución de campañas de ovodoazón destinadas a captar doantes da sanidade pública).

3.- O Concello instará por escrito nos vindeiros 30 días ao Ministerio de Sanidade a:

- Convocar un Consello interterritorial no que se aborde este tema e se estableza un Plan Estatal de Endometriose no que se comprometan investimentos para a mellara da formación do persoal e a divulgación da doenza entre a poboación feminina.
- Incluír na carteira de medicación financiada a totalidade de medicamentos subministrados a mulleres con endometriose.

4.- *O Concello comprométese a solicitar aos Institutos de Investigación Públicos Galegos que desenvolvan proxectos de investigación da endometriose.*

5.- *O Concello comprométese a impulsar unha campaña informativa entre mozas de 12 a 18 anos nos centros educativos de Salceda para dar a coñecer a doenza, e para tratar de recortar na medida do posible o retraso do diagnóstico a través da distribución dun folleto informativo cuxos contidos serán facilitados por querENDO. Mulleres con endometriose, e que conta coa revisión da Sociedade Galega de Obstetricia e Xinecoloxía.”*

**Polo sr. Alcalde sométese a votación a URXENCIA da moción e o Pleno da Corporación Municipal, aproba por UNANIMIDADE dos doce membros asistentes a este sesión.**

**Sr. Alcalde:** Contamos co presenza de Carmen Varela, a quen lle damos a palabra.

**D<sup>a</sup>. Carmen Varela:** Toma a palabra facendo unha exposición do que significa ter endometriose, dicindo que, unha de cada 10 rapazas que ve pola rúa, vai ter endometriose, que cando se ten endometriose e se diagnostica tarde é un inferno o que se pasa pois nalgúns casos se perde a oportunidade de ser nais, hai casos que tamén perderon un anaco do intestino estando con bolsas, ata algunha perdeu un ril e infinitas horas de dor. Unha muller con endometriose pasa oito anos esperando polo seu diagnóstico, dende que vai o médico e empeza a escoitarnos ata que se nos diagnostica, é verdade que hai un factor de xénero que afecta á medicina; porque non nos creen e nos van derivando a psiquiatría, psicoloxía. Hai que cambiar os plans de estudos de medicina, aos estudantes de medicina, no día hoxe, nos seus apuntes recollen que o tratamento para unha muller con endometriose e aconsellar para as pacientes como unha alternativa terapéutica o embarazo, co cal terías que encadear un embarazo tras outro pois non vale cun só embarazo, porque aínda que é verdade que co embarazo a endometriose paralizase unha vez dada a luz a enfermidade segue o seu curso. Nun libro de xinecoloxía dos anos 40 anos, non hai ningún capítulo no que apareza a endometriose pero si aparece un apartado de “trastornos uterinos das habilidades psíquicas y neurasténicas”, onde se recollen todos os síntomas, clasificándonos como “neurasténicas”.

Segue dicindo que todo isto haino que cambiar paulatinamente por iso vos agradezo aos tres grupos que trouxerades esta moción, e vos pido que nos axudedes a visualizar este enfermidade, e que nos axudes a que as mulleres con endometriose saiban cales son os síntomas e sobre todo a aqueles que tedes cargos políticos axudadénonos a que de algún xeito se vai transformando a asistencia sanitaria que temos que é moi deficitaria.

**Sra. González Rodríguez (PP):** Como xa dixó antes o meu compañeiro estamos a favor de mellorar a sanidade e iso implica, por suposto, ir a favor desta moción, todo o que

sexa adiantarnos nos tempos, minimizar o tempo de diagnóstico, intentar pedir, solucionar, darvos alternativas para minimizar esa posible dor que poida haber, toda a formación que faga falta, todas as campañas de divulgación, nos aí estaremos para apoiaros.

**Sra. Ledo Souto (PsdeG-PSOE):** É unha enfermidade que afecta a calidade de vida de moitas mulleres moi silenciado durante moitísimos anos que se tachaban de tolas e aínda hoxe en pleno século XXI segue sendo descoñecida, nos tamén nos comprometemos a visibilizar e transmitir toda a información que poidamos sobre este problema porque afecta a unha porcentaxe moi alta de mulleres.

**Sr. González Rodríguez (MS):** Primeiro agradecer a Carmen pola súa presenza e a súa exposición, esta moción, como tamén ten que ver coa anterior, dende Movemento Salceda todo o sexa en defensa da sanidade pública, todo o se sexa ampliar a súa carteira, os seus servizos, imos estar dacordo.

Polo sr. Alcalde sométese a **votación a moción e o Pleno da Corporación Municipal, aprobaa por UNANIMIDADE dos TRECE MEMBROS asistentes a esta sesión, adoptando o seguinte acordo:**

1.- O Concello instará por escrito nos próximos 30 días ao Sergas e á EOXI correspondente para que proceda a :

- Establecer unha programación de xornadas de formación sobre endometriose ás que poida acudir o persoal sanitario que atende os distintos servizos que dispensa o SERGAS no noso Concello.
- Garantir consultas específicas de endometriosis suficientes para o número de afectadas da área nos hospitais aos que acoden as mulleres do noso Concello, e á derivación destas pacientes a áreas nas que existan mentres estas non se creen.
- Crear unha unidade multidisciplinar composto por especialistas de xinecoloxía, radioloxía, cirurxía xeral con experiencia en cirurxía colo-rectal, uroloxía, anestesioloxía, psicoloxía, fisioterapia, dor, etc., para mellorar a atención nos casos máis graves de endometriose e a derivación destas pacientes a unidades multidisciplinares doutras áreas sanitarias mentres estas non existan.

2.- O Concello instará por escrito nos próximos 30 días á Consellería de Sanidade a:

- Dar cumprimento á moción que por unanimidade aprobaron tódolos grupos da Cámara o 22 de abril de 2015 sobre endometriose, e que recollía en gran medida as demandas das mulleres afectadas por esta doenza.
- Facilitar ás mulleres con endometriose un mellor acceso aos tratamentos de fertilidade nos hospitais públicos (mellora nas listas de espera, facilidades para conxelación de ovocitos antes das cirurxías e tratamentos que poidan afectar á súa capacidade ovárica, así como a execución de campañas de ovodoazón destinadas a

captar doantes da sanidade pública).

3.- O Concello instará por escrito nos vindeiros 30 días ao Ministerio de Sanidade a:

- Convocar un Consello interterritorial no que se aborde este tema e se estableza un Plan Estatal de Endometriose no que se comprometan investimentos para a mellara da formación do persoal e a divulgación da doenza entre a poboación feminina.
- Incluír na carteira de medicación financiada a totalidade de medicamentos subministrados a mulleres con endometriose.

4.- O Concello comprométese a solicitar aos Institutos de Investigación Públicos Galegos que desenvolvan proxectos de investigación da endometriose.

5.- O Concello comprométese a impulsar unha campaña informativa entre mozas de 12 a 18 anos nos centros educativos de Salceda para dar a coñecer a doenza, e para tratar de recortar na medida do posible o retraso do diagnóstico a través da distribución dun folleto informativo cuxos contidos serán facilitados por querENDO. Mulleres con endometriose, e que conta coa revisión da Sociedade Galega de Obstetricia e Xinecoloxía.

### **3.- Presentada polo Grupos municipal de Movemento Salceda: Regularización do dereito á educación social.**

**Sra. Pérez González:** Da lectura da moción seguinte:

*“A profesión de Educador/a Social adquire rango universitario en 1991, coa publicación do Real Decreto 1420/1991, que xorde despois dunha ampla mobilización social reivindicativa do papel relevante deste perfil profesional en desenvolvemento das políticas sociais e educativas.*

*A figura da Educadora e do Educador Social en Galicia e en España é froito da combinación de tres históricas ocupacións: as educadoras e educadores especializadas/os, as animadoras e animadores socioculturais e as educadoras e educadores de persoas adultas, todas elas diferentes pero converxentes, na medida en que a súa actividade profesional se move nos campos da inadaptación, da alfabetización, da exclusión, da marxinação social, da integración, da capacitación profesional, do desenvolvemento comunitario, etc.*

*Esta figura profesional foi ampliando a súa cobertura de acción, asumindo unha amplitude de funcións que evolucionaron e matizáronse nas últimas décadas co fin de construír unha identidade profesional da Educación Social. A súa rápida expansión é o reflexo do carácter dinámico, socializador e de transformación social da figura da Educadora e do Educador Social.*

O Ministerio de Educación e Ciencia incorpora de maneira oficial a titulación de Educación Social tras a aprobación de Real Decreto 1420/1991, de 30 de agosto, polo cal se establece o Título Universitario Oficial de Diplomatura en Educación Social, proporcionando de esta maneira a formación profesional básica ás/aos futuras/os profesionais, a través da adquisición de capacidades, funcións e competencias adaptadas ao seu perfil profesional e aos contextos sociais onde a Educación Social está chamada a actuar.

Como profesión de carácter pedagógico que desenvolve a súa actividade nunha gran variedade de contextos sociais, entre os que está o educativo, desenvolveuse un amplo discurso, froito d rica experiencia das/os profesionais e a súa confluencia co mundo académico universitario, ao que debemos engadir, o desenvolvemento das estruturas de participación e regulación da profesión, con colexios profesionais de Educación Social en todas as Comunidades Autónomas (en Galicia dende o 2001), así como a creación do Consejo General de Colegios Oficiales de Educadoras y Educadores Sociales, no ano 2006.

A día de hoxe, o seu papel é fundamental no ámbito dos servizos sociais nun Estado Social e Democrático de Dereito xa que a súa intervención garante dereitos tan básicos para a cidadanía como son a igualdade e a xustiza social. As/os profesionais da educación social traballan co obxectivo de axudar nun proceso de socialización que é clave para acadar unha sociedade máis equitativa, así como para conseguir o dereito ao desenvolvemento persoal que teñen as persoas destinatarias da súa intervención. Mellaran competencias e aptitudes, promocionan a autonomía e independencia, preveñen e compensan déficits e inadaptacións sociais, favorecen e participación activa das persoas en grupos así como a creación do tecido social e asociativo, promoven o traballo comunitario... numerosas e indispensables funcións nunha intervención social sobre a base da educación e da aprendizaxe.

O seu papel no ámbito da xuventude, da cultura, da educación, e dos servizos sociais, é clave para completar o abanico de disciplinas que desde distintas perspectivas permiten unha intervención social integral, sobre todo en sectores clave como é o das/os menores e as familias.

Non obstante, pese a innegable contribución ao benestar social e ao recoñecemento da profesión como tal cuns estudos universitarios que a avalan e un colexio profesional que a representa, a falta de regularización da educación social fai que non estean claros os límites e o alcance da mesma, tanto nas entidades públicas, nas entidades privadas como no terceiro sector. Este descoñecemento implica que con frecuencia se asignen a outras/os profesionais do ámbito social, funcións propias das educadoras e educadores sociais.

Estas circunstancias poñen de manifesto a necesidade dunha regulación da profesión da Educación Social como instrumento que visibilice, dignifique e reivindique o seu papel como axente de cambio na nosa sociedade.

*O colectivo de educadoras e educadores sociais, así como outras cidadás e cidadáns, teñen presentado multitude de solicitudes de petición de regularización da profesión e do dereito á Educación Social a través dunha lei. Moitas entidades e institucións manifestaron tamén o seu apoio a esta iniciativa, entre os que se pode mencionar a modo de exemplo a Deputación de Pontevedra, Deputación da A Coruña, Deputación de Ourense, Deputación de Jaén, Deputación de Sevilla, Deputación de Córdoba, Deputación de Almería, Deputación de Cádiz, Deputación de Segovia, Deputación de León, Deputación de Valladolid, Cabildo de Gran Canaria, Universidade de Estremadura, Facultade de Educación da Universidade de Salamanca, Facultade de Educación do Campus de Ourense (Universidade de Vigo), Parlamento de Navarra, Cortes de Aragón, así como numerosos concellos nas diferentes comunidades autónomas.*

*Por todo isto, é polo que se propón ao Pleno do Concello de Salceda de Caselas a adopción dos seguintes:*

#### ACORDOS

*1. Instar á Xunta de Galicia á Regularización da Educación Social en Galicia a través dunha Lei Galega do Dereito á Educación Social.*

*2. Instar á Presidencia do Goberno de España a desenvolver unha Lei de Regularización do dereito á Educación Social, a nivel estatal."*

**Polo sr. Alcalde sométese a votación a URXENCIA da moción e o Pleno da Corporación Municipal, aproba por UNANIMIDADE dos doce membros asistentes a esta sesión.**

**Sra. Pérez González (MS):** danos traslado desta moción dende o Colexio de Educadores/as Sociais de Galicia e nos transmiten esta problemática. O de non ter delimitado exactamente o ámbito de traballo dos/as educadores/as sociais e polo que están traballando en conseguir esta regularización, que por lado evitaría o intrusismo, moi presente nesta profesión e comportaría unha posta en valor do traballo que fan eses/as educadores/as sociais indispensable coas novas modalidades de exclusión e marxinación social, que xurdiron a raíz da crise, tamén co envellecemento e a dispersión do rural que sempre dificultan a prestación dos servizos sociais, casos nos que esa labor dos educadores/as resulta fundamental así como nos casos nos que existen menores, nos casos de familias con risco de exclusión social é unha figura que resulta fundamental nos departamentos de servizos sociais, polo que quisemos sumarnos a esta petición.

**Sra. González Rodríguez (PP):** Pola nosa parte tamén o noso pleno respaldo e apoio a esa profesión, que moitas veces pasa desapercibida e que é imprescindible para mellora a sociedade na que todos vivimos, compartimos. É unha profesión que se

desenrola nos ámbitos do terceiro sector, tanto sexa con ánimo de lucro o usen el, creo que tamén era importante incluír a nivel municipal e a nivel educativo en todos os centros.

**Sra. Ledo Souto (PsdeG-PSOE):** O Grupo socialista tamén imos a votar a favor desta moción, porque ten que estar regulada, sobre todo cando, polo que coñezo, en familias de risco de exclusión o necesario que é e o pouco regulado que está, pois outras profesións intentan facer intrusismo e despois mírase o resultado, sobre todo en canto a menores, a mellor forma para asegurarse de que se faga ben é tendoo regulado por lei, estamos totalmente de acordo e tamén dicir que en calquera Concello e como en Salceda que tamén hai necesidade, que con 4 horas igual non se cubre a necesidade do Concello.

Polo sr. Alcalde sométese a **votación a moción e o Pleno da Corporación Municipal, aprobaa por UNANIMIDADE dos TRECE MEMBROS asistentes a esta sesión, adoptando o seguinte acordo:**

1. Instar á Xunta de Galicia á Regularización da Educación Social en Galicia a través dunha Lei Galega do Dereito á Educación Social.
2. Instar á Presidencia do Goberno de España a desenvolver unha Lei de Regularización do dereito á Educación Social, a nivel estatal.

### C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

#### Respostas as preguntas formuladas no anterior pleno (pleno de outubro )

##### Preguntas formuladas polo Sr. Rodríguez Davila:

1.- Sobre aprobación da instrución sobre a utilización do auditorio, nos chama a atención que no expediente non consta un informe da Secretaría Municipal ¿Porqué esa instrución non ten o informe da Secretaria municipal e sen embargo ten un informe xurídico de Carlos Abal?

**A Secretaria Municipal emite informe nos casos en que sexa preceptivo por lei e este non o é. Para os casos en que non se precisa informe de secretaría contamos no Concelo con asesores externos, como no caso das licenzas de obra. En todo caso, tódolos temas que se aproban en Xunta de Goberno pasan pola Secretaria Municipal, que caso de non estar dacordo emitiría o seu propio informe.**

2.- Sobre os despachos do CDL: Dado a resposta que vostedes nos deron, queremos saber ¿si a día de hoxe se están cumprindo as bases que no seu momento deron pé a esas adxudicacións? ¿Seguen a día de hoxe en vigor os contratos asinados no ano

2014 respecto do uso dous locais que están a día de hoxe en uso no CDL do Torrón?  
¿Están pagando a día de hoxe eses dous locais por ese uso en un edificio público?

**Esta pregunta xa foi respostada no Pleno de Agosto. Reitero, o cobro de taxas por ese servizo son realizados polo departamento de tesourería e non teño constancia por parte deste departamento da falta de pago.**

**A día de hoxe seguen facendo uso de 2 despachos, sendo 4 os que están a disposición da veciñanza, se ben o tempo transcorrido e superior o do contrato, non existindo outras solicitudes e habendo 2 despachos en oferta, as empresas desta vila alí ubicadas, seguen exercendo a súa actividade e xerando emprego na nosa vila.**

3.- Sobre a setenza da ocupación duns terreos detrás da praza de abastos: ¿Por qué se ocultou e porqué non está rexistrada a sentenza de 18 de xullo de 2018 setenza nº 1304/18 do Tribunal Supremo respecto da propiedade de 25 m2 detrás da praza de abastos?

**A Sentenza está rexistrada con data 11/10/2018, que foi a data na que se recibiu formalmente neste Concello.**

4.- Dado que por este Grupo Municipal se levan presentado 50 rogos no último ano e medio das necesidades das parroquias e do casco urbano e despois de ver e tan so cumpriron 3, preguntamos. Cando ten vostede pensado dar resposta a esas necesidades que precisan os veciños que viven nas parroquias e tamén no casco urbano?

**Estamos á espera de nos pasen o seu listado, para saber cales son os que, ao seu criterio, se cumpriron e cales non.**

5.- Vendéronse máis tickets de callos este ano con respecto do ano anterior?

**Non, vendéronse menos**

#### **Preguntas formuladas polo Sr. Núñez Troncoso:**

1.- No pleno de xuño de 2017 preguntouse sobre o atranco con pedras nun camiño existente no barrio de Torreiro en Soutelo, se nos contestou que se abriría un expediente de investigación, ¿en qué situación se atopa o expediente?

**Tal como xa se contestou naquel momento, o camiño atopase no término municipal de Tui. Trasládouse o tema ao Concello de Tui, presidido naquel momento por Enrique Cabaleiro, para que iniciase, se fose o caso, procedemento de investigación sobre o particular.**



2.- Respecto da pregunta nº 5 das contestada anteriormente, que falaba da elaboración dos orzamentos de 2019 a resposta foi “ a día de hoxe non estamos en situación de confirmar ou non a elaboración deses orzamentos” como non sabemos si ese “a día de hoxe” a que día se refire, si a data na que se formulou a pregunta ou a data deste pleno, reformulamos a pregunta ¿A día de hoxe estamos na mesma situación?.

**Sí, estamos na mesma situación.**

3.- Sobre a liquidación do 2017, segundo o informe de intervención di que se constata o incumprimento da regra de gasto, segundo a Lei orgánica estabilidade orzamentaria di que se deberá elaborar un plan económico - financeiro ¿Elaborouse este plan?

**Xa se repostou esta mesma pregunta no pleno anterior, e posteriormente na Mesa de Negociación da Conta Xeral. Dende a chegada do novo interventor o día 7 de Agosto de 2018, estase traballando na elaboración de dito Plan, na medida das súas posibilidades e tendo en conta que só ven a Salceda un día a semana. Dicielles tamén, circunstancia da que foron informados, que o interventor esta de baixa por enfermidade dende o pasado 15 de Novembro, e non temos data prevista de alta a día de hoxe. Aproveitamos para dicir que se lle concedeu a alta médica o 18 de decembro.**

4.- Respecto do camión do lixo. Temos constancia de que se está prestando ao Concello de As Neves o camión do lixo dous días a semana, levando xa esta situación 8 ou 9 meses. ¿En que condicións se presta o camión? ¿Existe algún convenio ao respecto? ¿Implica iso unha redución no servizo da recollida do lixo?

**Asinouse un convenio co Concello das Neves, avalado con informes técnicos favorables e non supón ningunha minoración no servizo de recollida.**

**Estamos orgullosos en ter colaborado e auxiliado a un Concello como o de As Neves que tantos danos sufriu a raíz dos incendios de outubro do ano pasado.**

#### **Preguntas formuladas pola Concelleira Miriam González Rodríguez.-**

1.- Respecto da contratación dunha obra “Mellora de camiños municipais en Parderrubias – Entenza” ¿Cales son eses camiños?

**Resposta: Miguel González González: corresponden ao Plan Marco 18-19 e son os camiños de Oveiro/Olleiro en Parderrubias e Certal ou Cherla en Entenza.**

#### **Preguntas formuladas polo Concelleiro Primitivo González Rodríguez.-**

- 1- O 7/03/2018 con nº RE 1417 solicitamos copia ou acceso ao expediente “Ensanche pavimentación na pista municipal Ataúde – Maior na Picoña” non nos contestaron e volvemos a solicitalo o 13 de abril, nos deron acceso o 1 de outubro deste ano ¿Porque se tardou máis de 6 meses en dar acceso a este expediente, cando o documento máis antigo que atopamos nese expediente é de data 2 de decembro de 2015?
- 2- É certo que nesta mesma obra, un axuda subvencionable de 64.832 € redúxose esta axuda a 53.252 €, é dicir perdéronse 11.579 € por recoller unhas melloras na adxudicación do contrato non admitidas polo Texto refundido da Lei de contratos do sector público?, é dicir esta negligencia na adxudicación da obra costoulle aos veciños perder 11.579 €?
- 3- As facturas emitidas por Construccions Vale, S.L de referencia A/70 de data 19/04/2016 polo concepto de excavacións e muros, a factura A/61 de data 3/04/2017 por reparacións de muros, e a factura A/62 de 4/2017 de repacións de canles de regadío en Fonte da viña- Picoña corresponde estas facturas ao aumento do proxecto “Ensanche pavimentación na pista municipal Ataude-Maior? E é así? Porque non estaban no expediente ao que se nos deu acceso?
- 4- Por qué motivo se retrasa a emisión dalgunhas facturas ata o 4/4/2017 cando responden a traballos executados e finalizados no 2015?, é dicir que se fan os traballos no 2015 e faise a factura no 2017.
- 5- O 21 de abril de 2016, o Concelleiro de Vías e Obras da conformidade a factura A/70 de 19/04/2016, esta factura no concepto “139m3 de excavacións de muro” e na seguinte partida 139m2 de muro de mampostería” ¿Que fixeron con este traballos, un burato para votar pedra ou como se explica esta factura?
- 6- Na partida de 139m3 de excavacións para cimentación de muro págase a 65€ m3, cando o coste no mesmo proxecto era do 1,38€ m2, Na partida de mamposteria que son 139 m2 en cambio é a 15 € m2. Esta factura nin siquiera foi revisada, porque os prezos están cambiados.
- 7- ¿Porqué as facturas xeneradas a maiores non utilizan, nos conceptos dos traballos realizados, as partidas do proxecto inicial?
- 8- ¿Porqué esas facturas, as citadas anteriormente, non están firmadas e conformadas polo director da obra, xa que pertencen a mesma obra, xa que eses taballos executáronse baixo a mesma dirección e asúmeas no informe remitido o 28/02/2018?
- 9- ¿Porqué non existe un modificado do proxeto inicial?, dado que según a Lei de contratos públicos o importe da obra increméntase máis do 10% do valor.
- 10-

**O decreto de autorización ao acceso ao expediente está asinado en dende o 29/08/2018, si non se facilitou antes, sería porque non estaba localizado o expediente.**

O informe de Javier Carballo que se cita, de data 28/02/2018 tiña como único obxectivo demostrar que as facturas presentadas pola empresa Construcciones Vale correspondían a diferentes obras efectivamente executadas, cousa que o Partido Popular puña en cuestión con motivo da aprobación do Recoñecemento Extraxudicial de Crédito 1/2018. Ese é o contexto real no que hai que entender ese informe.

Entendemos que non procedeu naquel momento ningún modificación do proxecto, xa que ningún técnico durante o proceso dixo o contrario, xa que as obras que teñen facturas independentes corresponden a obras que non están directamente relacionadas co proxecto, por esa razón de cara a xustificación da subvención o director de obra ceñiuse en exclusiva ás partidas motivo da subvención.

Polo que respecta ao retraso na emisión de facturas non é imputable ao concello, as empresas facturan cando o estiman pertinente.

O secretario municipal certifica que a aprobación do contrato das obras: ENSANCHE E PAVIMENTACIÓN DA PISTA MUNICIPAL ATAÚDE-O MAIOR (PICOÑA) “axústase ao disposto na normativa de contratación do sector público entre o que se encontra o Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público”: polo tanto a minoración no importe da subvención é achacable á interpretación subxectiva da Consellería de Medio Rural, cun único interese: restar diñeiro que lexítimamente lle corresponde ao Concello de Salceda de Caselas, tal como o certifica a Secretaría Municipal.

**Pregunta formulada pola Sra. Valcárcel Bernárdez:**

1.- Respecto do Inventario de Bens do Concello: Queremos saber si durante os anos que foi Alcalde hai algunha cesión, permuta ou venta de algún resalido municipal?

**Non, que teña constancia.**

**O que si se produciron foron clasificacións dalgunhas parcelas por parte de varias Comunidades de Montes tras un procedemento regulado por lei, que causan baixa, polo tanto, no propio inventario.**

**Preguntas formulada pola Sra. Tourón Domínguez:**

1.- Sobre a instrución que se aprobou sobre os usos do auditorio: Se está aplicando, xa? A parte de cambiar esa instrución, delegando unha competencia do Pleno na Xunta de Goberno, e ao día seguinte enviouse a Fiscalía, interésanos saber si se fixo

con tanta premura para ser enviada a Fiscalía ou se fixo porque se está aplicando?

**Si, estase aplicando dende a súa aprobación**

2.- En canto aos colexios, nas repostas da preguntas formuladas no mes de agosto: Preguntabamos si estaban todas as escolas en condicións para o inicio do curso escolar? Nos respondía que "Si"; non vou a recordar como se inicio o curso pero si recordar que noutra pregunta con respecto da unitaria de Budiño polas caídas das tellas se nos respondían que están estudiando o caso das tellas que caen en Budiño. ¿Se segue afirmando que os colexios se iniciaron ao 100% en condicións, en perfecto estado?

**Si, os colexios estaban en condicións no inicio de curso, o cal non quita que ao longo do curso vaian aparecendo máis necesidades.**

3.- En canto a CDL, ¿Qué se está facendo para publicitar eses dous despachos que están baleiros?

**Dentro dos múltiples servizos que ofrece o CDL O Torrón: Apoio á creación de empresas, cursos de formación, bolsa de emprego, aluguer de espazos... etc, atópase tamén a posibilidade de contar cun espazo para acompañar o nacemento de unha empresa, o Viveiro de Empresas. Este servizo publicítase a través de unha web propia do CDL O Torrón, diferentes redes sociais, e o máis importante, ofrécese a todo/a aquel que que se achega polas nosas instalacións.**

4.- ¿Vai traer algún recoñecemento de crédito antes das eleccións ou os deixamos para o/a que chegue despois aí?

**Si, levaremos recoñecemento de crédito a comezos do 2019.**

5.- En relación ao 8M e a folga das Concelleiras, quedou claro que as Concelleiras consideraban que deberían cobrar ese día.

Seguen afirmando e considerando que de verdade deben cobrar, non so ese día, o soldo que se lle paga polo seu traballo, cando nin temos orzamentos, nin plan económico-financeira, nin convenio nin RPT? . ¿Deben os Sres/as. Concelleiros/as seguir cobrando un soldo si o seu traballo non está feito?

**Os concelleiros e concelleiras traballan todos os días do ano: teñen delegadas as responsabilidades e exercen esas responsabilidades as 24 horas dos 365 días do ano. Ademais os seus salarios foron aprobados no Pleno de organización seguindo o procedemento legalmente establecido.**

**Pregunta presentada polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE en relación coa Escola**

## **de Fútbol Denis Suárez.**

Dende maio esta escola xa tiña cedidas unhas instalacións na casa do concello que estivo utilizando dende entón.

- Cal foi a razón pola que se presentou en maio a escola afirmando ante toda a veciñanza que había un convenio asinado e realmente o convenio ten data do 26 de xuño e xa estaban utilizando instalacións municipais dende antes da presentación?

**O 23 de maio foi a posta en escena e a presentación pública do proxecto da Escola de Fútbol Denis Suárez no Auditorio Municipal, aproveitando a presenza de Denis Suárez en Salceda: ese día asinouse un Protocolo de Convenio que se efectivizou a efectos formais o 26 de xuño.**

**Como é ben sabido, durante os meses de maio e xuño organizouse o II Campus de Fútbol Denis Suárez e do mesmo xeito que se fai en todos os casos colaborando coas distintas entidades coas que o Concello organiza conxuntamente distintos eventos e actividades, faise uso, na medida das posibilidades, das instalacións municipais, tanto na fase previa de organización como nos días de evento ou actividade.**

**Sempre co obxec**

**tivo de que os nenos e nenas interesados/as e as súas familias tivesen un punto de información e inscrición, o máis cómodo e accesible posible.**

- Cal é o beneficio para a veciñanza dun convenio cunha entidade privada no que se ceden moitas das instalacións municipais e se realizan obras con custos elevados sen ningunha contraprestación?

**A Escola de Fútbol Denis Suarez é un proxecto que vai máis alá dunha escola de fútbol convencional: preséntase como un proxecto cunha metodoloxía específica para a escola de fútbol de Denis Suárez, escola que contará con un elemento diferenciador que é a Comunidade Educativa, no que se pretende un desenvolvemento integral dos nenos e nenas, co obxectivo xeral de conseguir a mellora e desenvolvemento das habilidades dos cativos e cativas para estimular as súas potencialidades nas diferentes áreas: área familiar, área social, área formativa, área de saúde, área cognitivo-conductual e área emocional. O proxecto pretende seguir sumando na aposta polo traballo cos nenos e nenas de Salceda usando a propia escola e o deporte como ferramenta de traballo, acadando unha mellora na confianza en sí mesmos/as e na autonomía persoal dos e das menores.**

**Para elo pátrese dunha metodoloxía biopsicosocial baseada en tres aspectos importantes: unha parte biolóxica que fai referencia ó funcionamento do corpo, unha parte psicolóxica na que se pretende traballar o pensamento, emoción e comportamento e finalmente a parte social, onde se atenden os factores sociais e culturais da sociedade salcedense.**

Todo este traballo levarase a cabo a través da creación dunha escola de pais e nais, entrevistas individuais, sesións de coaching, talleres grupais e seminarios, tendo en conta a importancia do traballo en rede cos/coas distintos/as profesionais que forman parte do día a día dos nenos e nenas.

Creo sinceramente, respondendo á pregunta, que os beneficios son indiscutibles.

Queremos agradecer unha vez máis a Denis Suárez e ao seu equipo de traballo, a posta en marcha deste proxecto, conscientes de que estamos a falar dunha oportunidade de ouro para os nenos e nenas de Salceda, que chega da man dun salcedense comprometido cos seus veciños e veciñas, e preocupado polo desenrolo integral dos cativos e cativas, e que en máis dunha ocasión te n manifestado o seu interese por ofrecerlles todo o que estea na súa man.

En segundo lugar, a Escola de Fútbol Denis Suarez terá dereito ao uso, reitero, dereito a uso de varias instalación municipais, do mesmo xeito que moitos outros clubs e asociación, como por exemplo o Caselas FC, o clube Baloncesto Caselas, as Escolas Deportivas EDM Salceda, o clube Balonmán ...

En todo caso a Escola de Fútbol Denis Suárez respectará o horario de usos aprobados para cada instalación, con posibilidade de facer modificacións pactadas con respecto aos horarios dos resto dos usuarios e en todo caso, porque as instalación son municipais, en coordinación permanente co Concello de Salceda como propietario ou con dereito real sobre as distintas instalación.

**Preguntas presentadas polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, sobre Sobre varios escritos da Comunidade de Montes Veciñais de Entenza en relación a parcela do Torrón (Devolución IBI).**

**SR.ALCALDE**

Temos constancia de que entraron varios escritos da Comunidade de Montes Veciñais de Entenza en relación a parcela do Torrón, solicitando a devolución dos importes do IBI dos anos 2012, 2013, 2014, 2015 e 2016 dos que tiveron que facerse cargo a pesar de que debería habelo feito o Concello.

- ¿En que data foi asinado oficialmente o convenio ou acordo de cesión destes terreos?
- ¿Cal é a razón pola que a pesar de que a Comunidade de Montes Veciñais de Entenza solicitou varias veces a devolución destas cantidades, non se lle aboaron nin se lles chamou para dar unha solución?

A parcela figuraba como solo a nome da Comunidade de Montes de Entenza historicamente.

En 2015, con motivo do proceso de revisión catastral, deronse de a alta as construcións, sen modificar a titularidade, dado que neste proceso non eran motivo de modificación. Notifícase á Comunidade de Montes o acordo catastral onde lle notifican que se dan de alta as construción e que queda incorporado con efectos do ano 2009.

Como se notifica en xullo de 2015, o ORAL emite os recibos dos 4 últimos anos (2012,2013,2014 e 2015).

En setembro de 2016 o Concello presenta en Catastro 901N para modificar o titular catastral, expediente 827772/2016 achegando como documentación a acta de recoñecemento de data 23/08/2014, non é un documento de cesión se non acta de recoñecemento, na que di que a Comunidade de Montes recoñece unha parcela de 6520m<sup>2</sup> na que se ubica a escola e que é obxecto de posesión polo Concello.

Catastro notifica tanto ao Concello como á Comunidade de Montes, onde lles dí que se modifica a titularidade, pasando a nome do Concello, pero con efectos do día seguinte ao acordo.

O 20/06/2018 o Concello presenta un recurso a catastro, expediente núm. 494605/2018, así como ao ORAL contra o acordo catastral anterior, solicitando que se modifique a data da alteración anterior, e se consigne como data de alteración o ano 2000, que é cando segundo os informes técnicos que se enviaron e tal e como se explica no recurso, se pode demostrar a existencia alí do CDL de Torrón. Este expediente aínda está aberto e sen resolver por catastro.

En Outubro de 2018 presentase un 902M, expediente 1183372 de modificación da titularidade e ampliación da construción, 902M con data de 2016.

Catastro notifica ao Concello a alteración anterior con efectos de 2016.

A día de hoxe, a parcela figura en catastro a nome do Concello e coas construcións con data 2006. A clave é que Catastro resolva este recurso de 20 de xuño porque mentres non se modifique o ORAL non tomará a decisión oportuna sobre as datas de alteración.

O problema radica nos recibos emitidos por ORAL a nome da Comunidade de Montes, e que non modifica ao non facelo Catastro as datas de altarecion.

O que pode dicirse é que o Concello se está movendo no sentido de tratar de conseguir que Catastro modifique esas datas de Alteración (que se solucionaría si

contestan ao recurso presentado e que aínda está aberto, para dese xeito, unha vez emitan os acordos, si se resolve dando a razón ao Concello) tanto a Concello como a Comunidade e lle chegue ao ORAL poda modificar os recibos a nome do Concello.

Levo estado en conversas coa Xerencia do Catastro para que ese recurso presentado o 20 de xuño se resolva e así se solucione este problema.

**Preguntas para a CONCELLEIRA DE CULTURA, ENSINO E SERVIZOS SOCIAIS:**

**Documentación solicitada á asociacións.**

No pasado pleno, nas preguntas do noso grupo realizadas en agosto, a concelleira respondeu da seguinte maneira en relación coa documentación que se lle solicitaba ás asociacións: “No caso de eventos benéficos con recadación solicítase documentación acreditativa da finalidade real dese evento benéfico, así como documentación que acredite dalgún xeito a finalidade benéfica de dita asociación”

Tendo constancia de que se fixeron varios eventos deste tipo ó longo desta lexislatura, pode indicarnos exactamente a que asociacións se lle solicitou esta documentación?

**Contestación: Sra. Pérez González:** Posto que esta pregunta entrou esta semana e dado que foi imposible comprobar todos os actos das distintas instalacións durante os último catro anos, que é ao que fai referencia a pregunta, un dos últimos eventos benéficos, quitando os eventos benéficos que se fai co banco de alimentos que son numerosos e todos sabemos a súa finalidade, foi a gala benéfica a favor de “Saray” e para a súa realización lle pedimos á familia e nos aportou un dossier onde aparecía a patoloxía da nena, o orzamento e a finalidade do diñeiro a recadar. Si algún evento en particular necesita aclaración, nos lo trasladades e se aclarara sen ningún problema.

**Alumeado Nadal.**

En relación co alumeado de Nadal deste ano:

- Cal é o importe ó que ascende?
- Sabemos que se lle solicitou ós comerciantes participar nesa recadación, canto ascende a súa aportación?
- Que procedemento se segue para rexistrar esas aportación e facer o pago correspondente?

**Contestación: Sra. Pérez González:** En canto ao importe da contratación feita polo Concello de Salceda ascende a 8.000 euros máis IVE e están incluídas a iluminación das zonas humanizadas, as dos edificios municipais, Casa do Concello, Casa da Cultura, Casa da Música, Praza da Abastos e Devesa, as rotondas da Avenida. de Galicia e Victoriano con Rosalía, a árbore do Praza do Concello, parque Raiña



Aragonta, os catro rótulos de boas festas nas entradas ao casco urbano e os oito arcos colocados nas sete parroquias, un por cada parroquia e máis Barreiro e Feira que son dous.

O Concello non lle fixo ningún tipo de solicitude de aportación ao comercio, pactouse con ACISA que igual que nos últimos anos o Concello encargase de iluminar as zonas anteriormente mencionadas e o comercio encargase dos arcos a colocar nas diferentes rúas.

O Concello non fai ningún tipo de recadación, é a propia asociación de comerciantes a que se encarga de recadar, de contratar e de pagar a parte de iluminación correspondente.

### **Pregunta presentada polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE sobre a declaración da Festa dos Callos coma festa de interese turístico de Galicia.**

En relación coa solicitude feita á Xunta de Galicia de declaración da Festa dos Callos como festa de interese turístico de Galicia.

No pleno no que se aprobou realizar esta solicitude (agosto de 2017) xa se debateu sobre a necesidade de traballar máis a memoria e falar cos axentes implicados. Ante as comunicacións do Consello Galego de Turismo no que informa que foi denegada e invita ó concello de Salceda a seguir traballando:

- Teñen constancia da denegación da mesma?
- Van a seguir traballando neste tema con máis rigor, procedendo a contratar profesionais do sector (a través dos programas de cooperación da Xunta e Deputación por exemplo) e traballando conxuntamente cos axentes implicados e a veciñanza de Salceda para realizar un traballo máis competitivo?

#### **Resposta: Concelleira de Turismo:**

Encanto a primeira pregunta, non temos constancia desa denegación.

En canto a segunda en caso de recibir a notificación de denegación por suposto que seguiremos a traballar no tema.

### **PREGUNTAS:**

#### **Sr. Rodríguez Davila**

Queremos insistir: Iniciouse o expediente para a devolución dos cartos cobrados polas Sras. Concelleiras Teresa Pérez, Carla Pérez e Dolores Castiñeira o día 8 de marzo cando fixeron a folga e non estiveron no seu posto de traballo? Insistimos neste asunto e insistiremos ata que se devolvan eses cartos cobrados indebidamente por facer folga,

un dereito que as ampara pero tamén que as obriga a non cobralo.

**Sra. Tourón Domínguez:**

as preguntas xa as fixemos por escrito pero a raíz das contestacións, que agradecería telas diante para poder falar delas, quero facer unas aclaracións. É moi triste que despois de 12 anos gobernando e sendo Alcalde e contestando sempre as preguntas no Pleno, e podendo debater as mesmas, agora no último ano dende que se gravou o primeiro vídeo do pleno non deixa preguntar e debeu perder a capacidade de contestar as preguntas no momento en que se lle fan, isto é unha vergonza.

Aclarar tamén, para saber cal é o proceso, nós preguntamos por escrito se nos contesta no seguinte pleno, agora temos que volver a preguntar sobre o preguntado porque na metade dos casos non aclara, e volvemos a estar outros dous meses esperando, conclusión medio ano para saber se van a asfaltar un camiño ou si un colexio comezou en condicións.

Respecto das preguntas e das contestacións que nos di: Temos por 1500 euros ao mes uns vídeos do Concello de Salceda, do CDL do viveiro de empresas que se puxo en marcha e que agora hai dúas oficinas libres, vaise facer un vídeo para publicitar que están baleiras para que poidan acceder calquera veciño/a a elas cumprindo as condicións da ordenanza?

En canto a que os soldos se aproban en pleno, é verdade, se aproban en pleno aproveitando a dimisión dun Concelleiro socialista que en vez de ter representación os trece concelleiros aproveitaron que habían doce e así saíron adiante.

En canto á Escola de Denis Suárez: O Grupo Socialista non temos nada en contra de Denis Suárez, nin como persoa, figura, nin tan sequera como escola deportiva, si é verdade que en relación ao que nos respondeu agora o Sr. Alcalde resulta que as Escolas Deportivas Municipais e a xente que traballan nela non facían nada de todo iso que nomeou, e por certo, sen ser unha entidade privada. Eu pido que se publique o convenio suscrito con Denis Suárez na páxina Web. ¿Por cantos anos se fixo ese convenio?

Hai unha asociación que pediu tamén un local na casa do Concello e non se lle deu, a Asociación contra o cancro, que está en Salceda e non se lle deu e dásele a unha empresa privada, repito, non teño nada contra esta entidade privada, que vara de medir se utilizou neste caso?. Cantos anos dura ese convenio?

En canto ao IBI de Entenza, non me respondeu, vólvolla facer: Independentemente de que estea pendente de resolver o recurso do Catastro, etc. Por qué non se lle chama para darlle unha explicación de cal é a situación? Se lle vai a dar audiencia, que a pediron varias veces por varios escritos?

En canto ao tema das asociacións: A quen se lle pediu documentación?, non digo a memoria e orzamento, a asociación contra o cancro pediu a instalación que se lle ceden a Denis Suárez para facer un torneo internacional de fútbol que levaba dous anos facendo, non se lle negaron explicitamente pero si que se lle pediu que xustificaran a súa actividade, teño constancia que a outras asociación non se lles pediu nada de iso, non falo de memoria nin orzamento se nonde xustificación dos seus fins e con quen ten convenios de si leva a cabo a actividade, canto gasta... esta asociación presentoulle, memoria, orzamento ... e non houbo resposta. Pido a relación de a quen se lle pediu exactamente a mesma documentación que a esta asociación contra o cancro que hai en Salceda de Caselas.

En canto ao alumeado de nadal: Din que non recaudan nada, pois que facían repartindo os papeis co SC do Concello e o logo da Asociación solicitando iso?

En canto a Festas dos Callos: Se non teñen a comunicación xa lla fago eu, doulle lectura ao informe: "Consello Galego de Turismo ha informado este lunes favorablemente de la posible declaración de cuatro nuevas Fiestas de interés Turístico de Galicia, esta decisión es el paso previo a la elevación de los respectivos informes al Consello de la Xunta para proceder a la aprobación definitiva de estos reconocimientos. En concepto da el visto bueno a las fiestas, Romería das Cruces en Ribadeu en Lugo, La Feria do poldo do gando e monte en Mougas - Lugo, da Semana en Lugo e da Romaría de San Brais de Bembrive. Así mesmo se ha abordado el caso de obras series de fiestas cuya declaración fue denegada al respecto se ha valorado la labor realizada y se la anima a los Ayuntamientos a continuar trabajando en la organización y su singularidad se trata de: Festas de Casllos de Salceda..."

Vou facer miñas as palabras que fixo a compañeira do Partido Popular neste Pleno que a memoria tiña que ser moito máis traballada, falada con institucións, cos axentes implicados e documentada, estamos falando do Consello Galego de Turismo non de ningún chiringuito.

#### **ROGO**

**Sr. Rodríguez Davila:** En nome de este Grupo e en defensa da honorabilidade do proceder e da honestidade do compañeiro Joaquín rogar ao Goberno Municipal que deixe de difamar, de utilizar o nome do Concelleiro Joaquín Núñez Troncoso no seu panfleto propagandístico, que nos gustaría saber en que fotocopiadora se imprimiu. ROGO que deixe de difamar, calumniar e faltando a verdade absoluta.

**Polo Sr. Alcalde se levanta a sesión na hora indicada ao inicio da presente acta..**

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**